

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 19 DE AGOSTO DO 2021.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SIEIRA RIOS MARIA Membros que non asisten:
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Dezanove de Agosto do Dous mil vinte e un, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 10.08.2021:

- | | | |
|-------|------------|---|
| 12331 | 13.07.2021 | MARIA DOLORES GARCÍA GONZÁLEZ, renovación del tejado y de la fachada de la vivienda, en Avda. da Coruña, núm. 22, Ribeira. |
| 12403 | 14.07.2021 | JOSÉ ELIAS MORAÑA LORENZO, cambio de ventanas en Estrada Xeral, 45, Castiñeiras. |
| 12509 | 15.07.2021 | JOSÉ LUIS GIGERIN RAMOS, pintado de vivienda en rúa Norte, 64, Palmeira. |
| 12511 | 15.07.2021 | CIPRIANA RUÍZ MARIÑO, renovación de techumbre, rúa Nova, 17, Castiñeiras. |
| 12489 | 15.07.2021 | AGEITOS REGO SERVICIOS DE MANTENIMIENTO S.L., pintado de fachadas y apertura de portal en lugar de ventana existente, en rúa Valle Inclán, 28, Ribeira. |



- 12513 15.07.2021 M^a. DEL MAR GARCÍA TABOADA, renovación de cubierta y claraboya, en rúa Norte, 91, Palmeira.
- 12595 19.07.2021 JOSÉ FERNÁNDEZ SILVA, cubrir fachada ventilada y cambio de ventanas en rúa Norte, 29, Palmeira.
- 12864 22.07.2021 MARIA JOSÉ MURAS GONZÁLEZ, colocación de portal en rúa Vella, Palmeira.
- 12968 23.07.2021 ASESORÍA BENY GARCÍA, S.L. en repres. de COMUNIDAD DE PROPIETARIOS DEL EDIFICIO SAGRADO CORAZÓN, 2, mantenimiento de cubierta en rúa Fernández Florez, Ribeira.

2.- LICENZA MUNICIPAL para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA NO LUGAR DE PERDIGOTEIRA, ARTES (RIBEIRA). PROMOTOR: PROMOTOR IBÁN SUÁREZ PARADA. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 135.300 €

VISTA a solicitude de licencia urbanística presentada por **D. Ibán Suárez Parada** con data 14 de maio de 2021 (Rex de entrada nº 7756) e 21 de xullo de 2021 (Rex de entrada nº12659) para **CONSTRUCCIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR ILLADA NO LUGAR DE PERDIGOTEIRA, ARTES (RIBEIRA)**, según proxecto redactado polo arquitecto colexiado D. Alberto Pérez Saborido.

VISTO que a parcela conta coa eferencia catastral 15074A802000280000ZZ e 15074A802000280001XX Uso residencial permitido neste tipo de chan de acordo co **Art. 134 Chan de Núcleo Rural en Áreas medio consolidadas. SNR- B** Usos admisibles, do PXOM e o **Art. 25 da Lei 2/2016**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes do arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento a esta Corporación de data **29 de xullo de 2021** e do **secretario xeral da Corporación** de data **12 de agosto de 2021**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

ACREDITADOS os seguintes extremos:

A Cualificación está dentro do Chan de Núcleo Rural en Áreas medio consolidadas. SNR- B non sendo Núcleo Tradicional.

O proxecto cumpre coas seguintes determinacións: parcela mínima, fronte mínima, edificabilidade, ocupación, alturas e tipoloxía edificatoria.

Neste tipo de Chan e concretamente na contorna da parcela non hai edificacións que fixen unha tipoloxía determinada e a que se pretende realizar non supón unha alteración á paisaxe e ás construcións existentes na contorna, neste caso illada e non se superan os parámetros referidos á Ordenanza, segundo o Art. 134 do PXOM. Xustifícase o cumprimento do CTE e Habitabilidade.

Cumpr coa parcela mínima ao dispoñer dunha parcela total de 3.882,73 m² dos que son 1.829,80 m² SNR- B, 250,84 m² SNR-A e 2.102,09 m² de Chan Rústico. Cumpre coa fronte mínima, ao superar os 8,- m. tendo unha fronte de 19,94 m. Indícase que a cesión é de 132,13 m².

A edificabilidade, non chega ao 0,5 m²/m² sendo de 0,14 m²/m²(Parte da planta baixa é soto e non computa, así como o soto).



A ocupación, máxima permitida con relación á parcela total é do 35 % cun máximo de 200,- m² o proxecto na súa planta en contacto co terreo e que non é menor ás posibles proxeccións das outras plantas non supera a superficie dos 200,- m² cunha ocupación do 14,23 %.

As alturas, cúmprense ao permitirse baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta cun máximo de 6,- m (Baixa+ 1 Planta +Ático) medidos desde a rasante do terreo .
O proxecto é de planta baixa e non supera dita altura máxima

En canto á tipoloxía edificatoria, é moi subxectiva calquera apreciación dado que estamos nun Chan de Núcleo Rural en áreas medio consolidadas, non tratándose de Núcleo Rural Tradicional ou Consolidado onde curmá a tipoloxía tradicional. Neste chan SNR- B non hai unha tipoloxía definida como se pode comprobar. Ademais ao non ser Núcleo Tradicional, permítense outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica

Procede a realización de cesión de terreo a viais de 132, 13 m2

Non se necesita autorización sectorial. O Proxecto modificado presentado é suficiente para a obtención da licenza.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D. Ibán Suárez Parada LICENCIA URBANÍSTICA (Nº 21/21) para CONSTRUCCIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR ILLADA NO LUGAR DE PERDIGOTEIRA, ARTES (RIBEIRA), según proxecto redactado polo arquitecto Colexiado D. Alberto Pérez Saborido.

A parcela conta coa eferencia catastral 15074A802000280000 ZZ e 15074A802000280001 XX Uso residencial permitido neste tipo de chan de acordo co **Art. 134 Chan de Núcleo Rural en Áreas medio consolidadas. SNR- B** Usos admisibles, do PXOM e o **Art. 25 da Lei 2/2016**.

-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos, así como **oficios de dirección**.

-Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 132,13 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

-Deberá depositar unha **fianza** por importe de **431,68€**, en concepto dos servizos urbanísticos a completar pola construción da vivenda unifamiliar de referencia.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*



- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*

-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha



que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

3.- CERTIFICACION URBANÍSTICA –Almar Partners Consulting Firm, S,L.

Visto o escrito presentado por **Almar Partners Consulting Firm, S,L.**, de data 23/07/2021 (Registro de entrada nº 12.917), no que solicita certificación urbanística de non existencia de expediente de disciplina urbanística sobre edificación situada en Rúa Romero Ortiz, 18 (Ribeira).



Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/08/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Rúa Romero Ortiz nº 18, Ribeira.

4.- AMPLIACIÓN METROS RESERVA VAO PERMANENTE Nº 16/06 – FEPER MENSAJEROS, S.L. (MRW)

Visto o escrito presentado por Fernando Luis Pereira Ameneiro en representación de **Feper Mensajeros, S.L.**, de data 22/07/2021 (Rexistro de entrada nº 12.885), no que solicita a ampliación de vao permanente nº 16/06, 2 metros máis, situado na Avenida da Coruña (MRW).

Visto o informe emitido pola Policía Local, de data 16/08/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a ampliación da reserva de vao permanente nº 16/06 en 2 metros (Total: **6,00 metros**), co cambio da praca de vao permanente onde figure actualizado o total de metros de reserva, así como a ampliación da sinalización horizontal (liña amarela), según o sinalado no citado informe policial.

5.- AUTORIZACIÓN CONCERTO PARQUE GARCÍA BAYÓN –María Luz Rodríguez Vázquez

Visto o escrito presentado por **María Luz Rodríguez Vázquez**, de data 17/08/2021 (Rexistro de entrada nº 14.329), no que solicita autorización para a realización dun concerto no Parque García Bayón o día 21/08/2021, ás 21:00 horas, sendo os establecemento de hoatería colaboradores “El Carballoso”, “El Airoa” e “O Karallo 29”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a María Luz Rodríguez Vázquez a realización dun concerto no Parque García Bayón o día 21/08/2021, ás 21:00 horas.

6.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 25/08/2021, en relación á solicitude de concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **Maria Haydee Alvarado de Ramírez**, de data 21/07/2021.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Pilar García Sampedro, de data 09/08/2021, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:



Conceder a **Maria Haydee Alvarado de Ramírez** unha axuda para renda social municipal durante seis meses como máximo (**570,54 €/mes**), máis unha axuda do 1º mes de aluguer (**325,00 €**) para sufragar os gastos derivados do aluguer da súa vivenda.

7.- INSTALACIÓN SINAL DE ENTRADA PROHIBIDA “EXCEPTO RESIDENTES” EN TRAVESÍA RÚA MESTRE SANS ORTEGA (AGUIÑO)

Visto o informe presentado pola **Policía Local**, de data 11/08/2021, relativo á instalación de sinal de entrada prohibida “excepto residentes” en Travesía Rúa Mestre Sans Ortega (Aguíño), entre os números 17 e 17B, debido a que se trata dunha vía estreita e sen saída na que, con bastante, frecuencia se producen conflitos cando condutores non residentes aparcan os seus coches ahí, mesmo en terreos privados e dificultando as entradas aos garaxes.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á instalación á entrada da citada travesía un sinal de **entrada prohibida** (R-101) complementado cun cartel (60x20 cm) que indique “**Excepto residentes**”.

8.- BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021 –CANCELACIÓN DE BONOS E CONCESIÓN NOVOS BONOS CO REMANENTE ACTUAL

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 16/08/2021, relativa aos Bonos Concilia Camparibeira Verán 2021, no que sinala:

“**INFORMO**

- *Unha vez revisada a certificación xustificativa de Fit Natural Sport correspondente aos beneficiarios- participantes do mes de xullo do programa Bono Concilia CampaRibeira Verán 2021, detectouse que **foi atendido dúas solicitudes** presentadas en datas e números de rexistro de entrada distintos **dunha mesma beneficiaria, ocasionando unha duplicidade na concesión do bono** conforme acordo de sesións da Xunta de Goberno Local 17/6/2021 e 24/6/201 respectivamente.*

Datos da beneficiaria

11/06/2021 20210000 9801	GABRIELA F. MOSCATO MÉNDEZ Bono Grupo A	XXX893XXY	ALBERTO BLANCO MOSCATO	Xullo e agosto 6h/DIA	Fit Sport Natural SL	150,00€/MES T.300,00€	Bono concedido Xgl 17/6/21 150,00€
17/06/2021 2021000 10522	GABRIELA FERNANDA MOSCATO MÉNDEZ Bono Grupo A	XXX893XXY	ALBERTO BLANCO MOSCATO	Xullo e agosto 9-14h	Fit Sport Natural SL	150,00€/MES T.300,00€	Bono concedido Xgl 24/6/21 150,00€

NºRexistro	Beneficiaria	Nº DE OPERACIÓN CONTABLE
11/06/2021 20210000 9801	GABRIELA F. MOSCATO MÉNDEZ	2021 22013483



17/06/2021 202100010522	GABRIELA F. MOSCATO MÉNDEZ	2021 22013566
----------------------------	----------------------------	---------------

- Por outra banda recíbese solicitudes de beneficiarios destas axudas **rexitando** da parte proporcional do importe do bono recibido por non asistir o participante ao campamento no **mes de agosto**.
Importe a desafectar 192,50€.

Solicitud Bono 10/06/2021 2021000096 80 Renuncia 11/8/2021 2021000140 93	LUCIA BERMUDEZ GARCIA Bono Grupo B	XXXX176XF	IKER GARCIA BERMUDEZ	Xullo e agosto 9-14h	Antía Fontaiña Falqué "O Xardin Ventureiro"	140,00€/MES T. 280,00€	Bono concedid o Xgl 17/6/21 100,00€	Importe a desafect ar 50,00€
25/06/2021 2021000111 67 Renuncia 11/8/2021 2021000140 95	M ^{re} ENCARNACIÓ N MANEIRO OUJO Bono Grupo A	XXX811XXV	JUAN VÁZQUEZ MANEIRO	Xullo e agosto 9-14h	Golfiño Xestión de Ocio SL	185,00€/MES T.370,00 €	Decreto Alcaldía 19/7/21 185,00€	Importe a desafect ar 92,50€
28/06/2021 2021000113 01 Renuncia correo elect 12/8/2021	M ^{re} DOLORES ÁLVAREZ OTERO Bono Grupo B (*)	XXX598XXP	PAULA MIRANDA ÁLVAREZ	Xullo e agosto 9-14h	Antía Fontaiña Falqué "O Xardin Ventureiro"	110,00€/MES T. 110,00€	Decreto Alcaldía 19/7/21 50,00€	Importe a desafect ar 50,00€

- De conformidade co artigo 5.-Gastos subvencionables, a contratación de Servizos de campamentos terá unha duración de ao menos cinco horas diarias d eluns a venres –agás festivos- e **durante un mes natural**.
Tendo coñecemento de que **Paula Miranda Álvarez non asistiu no mes de xullo e que en agosto só asiste 15 días, non procede ser beneficiaria do bono.** "

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- 1.- Anular a duplicidade do bono concedido á Gabriela Fernanda Moscato Méndez da participación de Alberto Blanco Moscato no mes de xullo e agosto en Fit Sport Natural SL. Importe a desafectar 150,00€.
- 2.- Atender as solicitudes de renuncia de beneficiarios de bonos e desafectar o seu importe.
- 3.-Anular a concesión do bono concedido a M^{re}Dolores Álvarez Otero (Decreto de Alcaldía de data 19/7/2021) a favor de Paula Miranda Álvarez por non asistir ao campamento no mes de xullo e non reunir os requisitos de temporalidade no mes de agosto.
- 4.-A tender as seguintes solicitudes da 2ªconvocatoria co remanente de 342,50€ respectando as bases reguladoras deste programa.

29/06/2021 202100011445	RAQUEL PAZOS MANEIRO Bono Grupo A	xxx867xxX	ALIS SAMPEDRO PAZOS	Xullo e agosto 6h/DIA	Fit Sport Natural SL	150,00€/MES T.300,00€	XGL 5/8/2021 106,50€	Proposta CONCEDER 43,50€
----------------------------	---	-----------	---------------------------	-----------------------------	-------------------------	--------------------------	----------------------------	------------------------------------



30/06/2021 202100011474	ESTELA SAA VILLAVEVERDE Bono Grupo A	xxx839xxZ	OLIVIA MUÑOZ SAA	Agosto 9-14h	Antía Fontaiña Falqué "O Xardin Ventureiro"	110,00€/MES T. 110,00€	0	Proposta CONCEDER 55,00€
30/06/2021 202100011476	ESTELA SAA VILLAVEVERDE Bono Grupo A	xxx839xxZ	LUCAS MUÑOZ SAA	Xullo 9-14h	Antía Fontaiña Falqué "O Xardin Ventureiro"	110,00€/MES T. 110,00€	0	Proposta CONCEDER 55,00€
30/06/2021 202100011486	BEATRIZ VIZCAYA VÁZQUEZ Bono Grupo A Familia Numerosa	xxx387xxG	CELIA FAJARDO VIZCAYA	Xullo 9-14h	Antía Fontaiña Falqué "O Xardin Ventureiro"	130,00€/MES T. 130,00€	0	Proposta CONCEDER 78,00€
30/06/2021 202100011486	BEATRIZ VIZCAYA VÁZQUEZ Bono Grupo A Familia Numerosa	xxx387xxG	MATEO FAJARDO VIZCAYA	Xullo 9-14h	Antía Fontaiña Falqué "O Xardin Ventureiro"	130,00€/MES T. 130,00€	0	Proposta CONCEDER 78,00€

Remanente despois desta proposta de axudas 33,00€

5. Proceder á publicación dos novos beneficiarios/as de bonos concedidos que son atendidos co remanente derivado da anulación da antedita duplicidade e desafectación de axudas que foron rexeitadas sinaladas anteriormente.

9.- APROBACIÓN DO INFORME CERTIFICACIÓNS DE EMPRESAS ADHERIDAS, ASISTENCIA MES DE XULLO BONOS CONCILIA CAMPARIBEIRA 2021

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 16/08/2021, relativa aos Bonos Concilia Camparibeira Verán 2021, no que sinala:

"INFORMO

1. De conformidade coas Bases reguladoras do programa **BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021** da

1ª e 2ª convocatoria que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de data 27/5/2021 e 01/7/2021 respectivamente (publicadas en BOP nº 101 de data 01/06/2021 e nº 125 de data 06/7/2021 respectivamente).

Según establece o punto 1 do artigo 16 das bases, "non se abonará cantidade algunha aos solicitantes da axuda, xa que a cantidade concedida será directamente abonada á empresa ou profesional autónomo que organizase o campamento obxecto da solicitude, sendo descontada do prezo total a pagar polo solicitante; a empresa deberá reintegrar ou descontar na súa totalidade dita cantidade ao beneficiario. O pagamento será realizado polo Concello de Ribeira a través de transferencia bancaria, de xeito mensual, nun único pago total correspondente a todas as axudas desa mensuralidade que figurasen aprobadas polo órgano competente e previa presentación de certificación mensual por parte do empresario adherido a este programa de bonos".



2. De conformidade con cada acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de data 17/6/2021, 24/6/2021 e 05/8/2021, e Decreto de Alcaldía de data 19/7/2021 referidos á concesión de achegas aos beneficiarios dos Bonos Concilia CampaRibeira Verán 2021.
3. Á vista das certificacións xustificativas de asistencia dos beneficiarios dos bonos no mes de xullo 2021 que foron presentadas polas empresas adheridas ao antedito programa de axudas, **figura expresamente** a identificación (nome e DNI/NIE) da persoa solicitante da axuda e nenos/as que rebiron o servizo, días e horarios, co importe individual do custo do campamento e os importes individuais do Bono concedido e importe total a abonar polo Concello. Consta no expediente o IBAN de cada empresa.

Rexistro de entrada Número e data	Empresa	Matrícula, Importe do campamento	Bonos, Importe Concello
2021 13376 de 30/7/2021	Golfiño Xestión de Ocio SL	7.585,00€	3.410,50€ 375,00€ (Servizos Sociais)
2021 13446 de 02/8/2021	Icono Studio CB	810,00€	200,00€
2021 13759 de 06/8/2021	Paula Martínez Gago	3.040,00€	1.522,00€
2021 13843 de 09/8/2021	Fit Sport Natural SL	10.350,00€	4.815,00€ 830,00€ (Servizos Sociais)
2021 14181 de 13/8/2021	Antía Fontaña Falqué	7.332,00€	3.395,00€ 55,00€ (Servizos Sociais)

Por todo isto, INFORMO:

- Que as empresas que emiten as certificacións recibidas son as entidades adheridas a esta convocatoria (xgl de data 17/6/2021).
- Que a presentación das certificacións respecta o prazo establecido según o artigo 16.3 das anteditas bases.
- Que consta en cada certificación datos establecidos nas bases de convocatoria según o artigo 16.3.
- Que a relación de beneficiarios e importes das axudas foron aprobados en sesión de Xunta de Goberno Local e Decreto de Alcaldía na data sinalado no parágrafo 2 deste escrito.

En consecuencia, cumpren cos requisitos establecidos nas bases que regulan o Programa Bonos Concilia CampaRibeira Verán 2021 favorablemente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** o informe presentado dando forma de acordo a cada un dos puntos a todos os efectos.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

